



PRESENTACIÓN DO LIBRO “DE ENTRE AS TEBRAS” de ALEX PERNAS

Interven: Alex Pernas e Marisa Barreiro

VENRES 3 DE MAIO DE 2024 – 20:00 H.

CASA DA CULTURA DE VILALBA

PRESENTACIÓN DO LIBRO

DE ENTRE AS TEBRAS

ALEX PERNAS
Enxeñeiro de software e escritor

Interven
ALEX PERNAS
MARISA BARREIRO

VENRES
3 DE MAIO 2024
20:00 HORAS
CASA DA CULTURA DE VILALBA
Entrada libre ata completar aforo

Organiza Iescha
Instituto de Estudos Chairegos
VILALBA

O venres **3 de maio ás 20:00 horas** na **Casa da Cultura de Vilalba**, o **Instituto de Estudos Chairegos** organiza a presentación do libro **De entre as tebras**, do coruñés **Alex Pernas**, un libro de relatos no que, camiñando da man dos seres e lugares da mitoloxía galega, amosa o máis escuro da condición humana nuns textos nos que nada é o que semella. Interven o propio autor, **Alex Pernas**, e **Marisa Barreiro**, presidenta do **Iescha**.


O libro está composto de **19 relatos centrados, cada un deles, nun ser, lugar, ou obxecto da mitoloxía galega**. Cada un dos relatos está ambientado nun lugar diferente da nosa xeografía, percorrendo dende aldeas illadas nos Ancares ata cidades como Compostela, dende o mar de Viveiro e Muxía ata as terras de Chantada ou Valdeorras, unindo o mundo urbano co rural e o interior coa costa.

A temática dos textos é tamén variada, neles podemos atopar as vivencias de mulleres de comezos do século XX; noutros podemos ver a vellez dun home durante os anos 60 do mesmo século ou a adolescencia de diferentes xeracións, como *boomers*, *millenials*, ou *zetas*. Nestes relatos **están tratadas tamén diferentes problemáticas sociais** coma o acoso escolar, a gordofobia, o estigma das enfermidades mentais ou o machismo.

Estando autoeditado, o libro pódese comprar en papel en formato de tapa branda e Kindle, ademais de estar dispoñible de forma gratuíta en formato EPUB.

-Compra en papel e Kindle: <https://bit.ly/DeEntreAsTebrasAlexPernas>
-Descarga de balde en EPUB: <https://bit.ly/DeEntreAsTebrasAlexPernasEpub>

(Parte do texto extraído de <https://biblioteca.naron.gal/gl/catalogo/post/presentación-de-de-entre-tebras-de-alex-pernas>)



Fotografía: Erik Dobaño

Alex Pernas, nado na Coruña no ano 1986, desenvolve a súa carreira como enxeñeiro de software. Como autor literario publicou en 2018 a novela de ficción social *Xarfas*, e en 2022 o libro de relatos *A Paga*, publicado anteriormente como folletín no xornal dixital *adiante.gal* entre os anos 2018 e 2021. Ademais formou parte de varias formacións musicais coma TST, Ad Intra, Os Relámpagos de Nós e Oymyakon (na que se atopa na actualidade). Tamén colaborou con diversas asociacións e xentes do ámbito do activismo, sendo unha das principais accións a súa labor coma parte da xunta directiva da Asociación Gatuchinhos, a cal actúa coma protectora dos gatos rueiros.

Contacto co autor: Correo electrónico: alexpernas.literatura@gmail.com